



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Bases para a interpretación do coñecemento científico	Código	750G01008	
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Freijomil Vázquez, Carla	Correo electrónico	carla.freijomil@udc.es	
Profesorado	Freijomil Vázquez, Carla Pértega Díaz, Sonia Seoane Pillado, María Teresa	Correo electrónico	carla.freijomil@udc.es s.pertega@udc.es maria.teresa.seoane.pillado@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	A materia Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico establece os elementos metodolóxicos, cuantitativos e cualitativos, que necesita o/a estudante para ser consumidor crítico da información científica da súa disciplina no ámbito das Ciencias da Saude			



Plan de continxencia	<p>A docencia será presencial.</p> <p>Observacións particulares:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Metodoloxía Cuantitativa: No caso de que un ou varios alumnos atópanse confinados, estes deberán comunicarllo as profesoras da materia co fin de valorar un plan alternativo que non prexudique a súa evolución na materia. * Metodoloxía Cualitativa: No caso de que algún estudante (ou grupo de estudantes) se encontre confinado por COVID-19 ou contacto estreito, terá que conectarse de forma sincrónica a través da plataforma TEAMS á clase presencial e remitir os traballos propostos a través da plataforma Moodle. <p>No caso de que algún alumno (ou grupo de alumnos) se encontre confinado por COVID-19 ou contacto estreito o día marcado para a avaliación presencial, terá que remitir os informes que o avalen, e se acordará unha data de avaliación entre o docente e o alumno unha vez finalizado o illamento.</p> <p>No caso dunha nova situación de pandemia que provoque o peche das actividades presenciais levaranse a cabo as seguintes medidas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Modificacións nos contidos: <ul style="list-style-type: none"> Non se realizarán cambios nos contidos da materia. 2. Metodoloxías: <ul style="list-style-type: none"> *Metodoloxías docentes que se manteñen: <ul style="list-style-type: none"> Manteranse todas as metodoloxías docentes. *Metodoloxías docentes que se modifican: <ul style="list-style-type: none"> Non se realizarán cambios nas metodoloxías da materia. As metodoloxías programadas previamente de xeito presencial pasarán a desenvolverse de xeito virtual. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: <ul style="list-style-type: none"> Correo electrónico: De uso para consultas, resolver dudas e facer seguimento dos traballos. Moodle: Desenvolvemento do contido teórico e práctico. Posibilidade de xerar foros temáticos e de actividades específicas. Teams: Sesión semanal (no caso de que corresponda docencia virtual) en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos problemas prácticos na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. Sesións acordadas por grupos de alumnos para o seguimento e desenvolvemento dos traballos grupais planteados para a avaliación continua. 4. Modificacións na avaliación <ul style="list-style-type: none"> Non se farán cambios na avaliación da materia. *Observacións de avaliación: <ul style="list-style-type: none"> As diferentes actividades de avaliación continuada efectuaranse de xeito non presencial, mediante a plataforma Moodle e con soporte en directo mediante Teams. A proba final realizaríase a través da plataforma Moodle. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía <ul style="list-style-type: none"> Disporán de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A18	Comprender a metodoloxía de investigación cualitativa en saúde.
A19	Comprender a metodoloxía de investigación cuantitativa en saúde.
A20	Comprender os métodos estatísticos frecuentes en estudos do área de ciencias da saúde.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B21	Implicación na calidade e busca/procura da excelencia.
B23	Habilidade para traballar nun contexto internacional.



C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C13	CB5 Que os estudantes desenvolveran aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores con un alto grao de autonomía

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Identificar e describir as características metodolóxicas da investigación cuantitativa	A19 A20	B1 B3 B8 B11 B21 B23	C6 C7 C8 C11 C13
Describir e utilizar os métodos estadísticos frecuentes nos estudos da área de ciencias da saúde	A19 A20	B1 B3 B8 B11 B21 B23	C6 C7 C8 C11 C13
Comprender os elementos necesarios para a execución dun estudo clínico- epidemiolóxico.	A19 A20	B1 B3 B8 B11 B21 B23	C6 C7 C8 C11 C13
Identificar e describir os principais fundamentos teóricos da investigación cualitativa	A18	B1 B3 B8 B11 B21	C6 C7 C8 C11
Identificar e describir as características metodolóxicas da investigación cualitativa	A18	B1 B3 B8 B11 B21	C6 C7 C8 C11
Describir os métodos e as técnicas para a obtención e análise de datos cualitativos	A18	B1 B3 B8 B11 B21	C6 C7 C8 C11 C13

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>UNIDAD DIDACTICA I.METODOLOXIA DA INVESTIGACIÓN CUALITATIVA</p>	<p>1.1.- A investigación cualitativa no contexto da saúde</p> <p>1.2.- Características da investigación cualitativa. Complementariedad investigación cuantitativa e investigación cualitativa.</p> <p>1.3.- Deseño da investigación cualitativa. Investigación como proceso circular. Pregunta de investigación.</p> <p>1.4.- Unidad de análise e selección de participantes en investigación cualitativa. Estratexias de muestreo.</p> <p>1.5.- Obtención de datos: Datos verbales: entrevista, narracions, grupo discusión, etc. Datos visuales: observación, etnografía, fotografía, video, etc</p> <p>1.6.- Análise de datos: Documentación dos datos. Notas de campo. Diario de investigación. Transcripción. Preparación dos datos para sua análise. Codificación e categorización Rigor na investigación cualitativa. Plausibilización selectiva. Fiabilidade e validez. Triangulación. Inducción analítica.</p>
<p>UNIDAD DIDACTICA II. METODOLOXIA DE INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA: BIOESTADISTICA</p>	<p>3.1. Software bioestatístico</p> <p>3.2. Concepto de estatística. Variables</p> <p>3.3. Análise descritivo dos datos e representación gráfica das variables</p> <p>3.4. Cálculo de probabilidades: A distribución normal. Características e aplicacións</p> <p>3.5. Estatística inferencial. Concepto de significación estatística Análise bivariada Análise multivariada</p> <p>3.6. Presentación de resultados e a súa interpretación</p>
<p>UNIDAD DIDACTICA III. METODOLOXIA DE INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA: EPIDEMIOLOXÍA</p>	<p>2.1.Estrutura e planificación dun proxecto de investigación</p> <p>2.2 Mostraxe. Tipos de mostraxe. Cálculo do tamaño da mostra</p> <p>2.3 Tipos de estudos epidemiolóxicos</p> <p>2.4 Medidas de frecuencia da enfermidade</p> <p>2.5 Medidas de asociación. Medidas de impacto</p> <p>2.6 A decisión clínica. Significación estatística vs relevancia clínica</p> <p>2.7 Concordancia diagnóstica. Índice Kappa</p> <p>2.8 Validez e precisión dos estudos epidemiolóxicos</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A18 A19 A20 B1 B3 B8 B11 B23 C6 C8 C11 C13	0	12	12
Sesión maxistral	A18 A19 A20 B1 B3 B8 B11 C8 C11 C13	21	20	41
Solución de problemas	A19 A20 B8 C7 C11 C13	12	30	42
Traballos tutelados	A18 B3 B8 C13	8	27	35
Proba mixta	A18 A19 A20 B3 B8 B11 C6 C11	2	18	20



Atención personalizada		0	0	0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	<p>Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.</p> <p>Os estudantes de modo individual realizarán lecturas de artigos de investigación cualitativa.</p> <p>O resto das lecturas encontrase na web http://www.fisterra.com/mbe/investiga/index.asp</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Os contidos teóricos básicos impartense en sesións maxistras, pero con un enfoque participativo.</p> <p>A información dispoñible en Moodle será unha versión simplificada dos contidos teóricos.</p>
Solución de problemas	<p>Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.</p> <p>De cada tema explicado da metodoloxía cuantitativa realizaranse exercicios prácticos que o alumno debe presentar na súa totalidade</p>
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> <p>Na parte da materia relativa á investigación cuantitativa (4 ECTS) realizarase unha proba escrita que combinará preguntas de resposta múltiple, resposta breve e a resolución de exercicios de análise estadística de datos e interpretación de resultados, sobre os contidos desenvolvidos na materia.</p> <p>Na parte da materia relativa á investigación cualitativa (2 ECTS) realizarase unha proba con preguntas de resposta múltiple.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
	En cada lectura que se realice apoiarase de modo personalizado a aqueles/as estudantes que teñan máis dificultades para facer a análise solicitada

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Solución de problemas	A19 A20 B8 C7 C11 C13	<p>Esta actividade corresponde á parte da materia de investigación cuantitativa (4 ECTS). Se realizarán probas de coñecemento e boletíns de exercicios prácticos que deben resolver de xeito individual mediante a aplicación dos coñecementos traballados, valorándose con 4 puntos sobre 10 (nota máxima final da materia= 2,8 puntos). Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none">- A entrega da totalidade dos traballos propostos- A adecuación das respostas proporcionadas- A presentación e a claridade na descripción dos resultados- A utilización das ferramentas informáticas e os recursos web axeitados para a resolución do problema <p>No caso de detectar traballos ou respostas as preguntas coincidentes doutros ou coincidentes entre eles non se puntuarán.</p>	0
Proba mixta	A18 A19 A20 B3 B8 B11 C6 C11	<p>Na parte correspondente á materia de investigación cuantitativa (4 ECTS) realizarase unha proba escrita que se valorará con 5 puntos sobre 10 (nota final máxima da materia 3.5 puntos) que combinará preguntas de resposta múltiple y/o resposta breve y/o resolución de exercicios de análise estatística de datos e interpretación de resultados, sobre os contidos desenvolvidos na materia</p> <p>Na parte correspondente á materia de investigación cualitativa (2 ECTS) realizarase unha proba final que terá unha puntuación máxima de 3 puntos sobre 10 puntos (nota final máxima da materia 0.9 puntos). Será necesario acadar unha calificación mínima de 1.5 puntos (sobre 3) na proba final para poder superar a materia.</p>	0
Traballos tutelados	A18 B3 B8 C13	<p>Consiste en realizar en grupos de 5 estudantes unha proposta de investigación.</p> <p>Na parte de investigación cuantitativa: elaborarse unha proposta de investigación cuantitativa e terá unha puntuación de 1 punto sobre 10 na parte avaliada (nota máxima final de la materia 0.7 puntos).</p> <p>Na parte de investigación cualitativa: elaborarse unha proposta de investigación cualitativa e terá unha puntuación de 7 puntos sobre 10 na parte avaliada (nota final máxima materia 2.1 puntos). Será necesario obter unha calificación mínima de 3.5 puntos (sobre 7) na proposta de investigación cualitativa para poder superar a materia.</p>	0

Observacións avaliación



NOTA IMPORTANTE. A materia Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico consta de 2 bloques: METODOLOXÍA CUANTITATIVA (4 ECTS) 70% da nota final, Prof. Dra. Teresa Seoane Pillado e Prof. Dra. Sonia Pértega Díaz METODOLOXÍA CUALITATIVA (2 ECTS) 30% da nota final, Prof. Dra. Carla Freijomil Vázquez (Coordinadora da materia). Para aprobar a materia é necesario superar cada unha das 2 partes individualmente. A nota final calcularase segundo o peso en créditos ECTS de cada unha das partes.

No caso de que non se supere unha das dúas partes da materia, a nota que lle figurará será a calificación obtida tras a ponderación de cada parte si é inferior a 5, en outro caso a nota será un 4. Na 2ª oportunidade manterase aprobada a parte que se teña superada na 1ª oportunidade dentro da mesma convocatoria. MATRICULA PARCIAL. Os/As estudantes poderán solicitar DISPENSA ACADEMICA.

Os/as estudantes de matrícula parcial deberán poñerse en contacto cas profesoras ó inicio do curso. Metodoloxía cuantitativa: Deberán entregar os boletins de exercicios e facer as probas de avaliación continua no tempo e forma que se lles solicite para ser avaliados/as. Ademais de realizar a proba mixta correspondente a esta parte da materia.

Metodoloxía cualitativa: Realizar o mesmo proceso de avaliación que o descrito para a PRIMEIRA OPORTUNIDADE SEGUNDA OPORTUNIDADE E OUTRAS. Metodoloxía cuantitativa: Deberán entregar os boletins de exercicios e facer as probas de avaliación continua no tempo e forma que se lles solicite para ser avaliados/as. Ademais de realizar a proba mixta correspondente a esta parte da materia.

Metodoloxía cualitativa: A avaliación consistirá nunha proba obxectiva sendo necesario acadar 5 puntos para superar a materia. OPORTUNIDADE ADIANTADA. Metodoloxía cuantitativa: Deberán entregar os boletins de exercicios e facer as probas de avaliación continua no tempo e forma que se lles solicite para ser avaliados/as. Ademais de realizar a proba mixta correspondente a esta parte da materia.

Metodoloxía cualitativa: A avaliación consistirá nunha proba obxectiva sendo necesario acadar 5 puntos para superar a materia. MATRICULA DE HONRA. Outorgarase ás puntuacións máis elevadas superiores a 9 obtidas unha vez ponderadas e sumadas as dúas partes da materia. NON PRESENTADO. A calificación de Non Presentado corresponderá ó/a estudante que non fixera a proba mixta na parte de investigación cuantitativa e/ou que non realizara a proba final na parte de investigación cualitativa.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Moral Santaella C (2006). Criterios de Validez en la investigación cualitativa. Revista de Investigación Educativa,24,147-164 - Flick U (2004). Introducción a la investigación cualitativa. Madrid. Morata - Taylor S; Bogdan R (1992). Introducción a los métodos cualitativos de investigación. Barcelona. Paidós - Pérez Serrano G (2001). Investigación cualitativa. Retos e interrogantes. Madrid. La Muralla - Maykut P; Morehouse R (1999). Investigación Cualitativa. Una guía práctica y filosófica. Barcelona. Hurtado - Hernandez Sampieri R; Fernández-Collado C; Baptista Lucio P (2006). Metodología de la Investigación. Mexico. McGraw Hill - Rodriguez Gomez G; Gil Flores J; García Jiménez E (1999). Metodología de la Investigación Cualitativa. Málaga. Aljige - Streubert Helen J.; Rinaldi Carpenter D (2011). Investigaçao qualitativa em enfermagem. Portugal, Lusodidactica - Holloway I; Wheeler S (2010). Qualitative Research in Nursing and Healthcare. United Kingdom, Wiley-Blackwell - Latimer, J (Editor) (2003). Advanced Qualitative Research for Nursing. Oxford, Blackwell Publising - Arantzamendi M; López-Dicastillo O; Viivar C (2012). Investigación cualitativa. Manual para principiantes.. Ediciones Eunate - Ruiz Olabuénaga JI (2012). Teoría y práctica de la investigación cualitativa. Deusto - Martín, A. A. y Luna, J. C. (1999). Bioestadística para las Ciencias de la Salud. Ediciones Norma - Cobo, E., Muñoz, P. y González, J.A. (2007). Bioestadística para no estadísticos. Barcelona. Elsevier Masson - Hulley, S.B., Cummings, S.M., Browner, W.S., Grady, D.G. y Newman, T.B. (2007). Diseño de investigaciones clínicas. Barcelona. Wolters Kluwer-Lippincott Williams & Wilkins - Milton, J. S. (2001). Estadística para Biología y Ciencias de la Salud. McGraw-Hill - Cao, R., Labora, A., Naya, S. e Ríos, M. (2001). Métodos estadísticos e numéricos. A Coruña. Baia Edicións - Altman DG (2018). Practical Statistics for Medical Research. CHAPMAN&HALL - Coggon D, Rose G, Barker DJP (2003). Epidemiology for the uninitiated. BMJ group - http://www.fisterra.com/mbe/investiga/index.asp (). .
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Villareal Reyna MA; Salazar González BC (2006). La Teoría Crítica y su contribución al desarrollo del conocimiento en Enfermería. Desarrollo Científico de Enfermería, 14, 339-341

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/750G01004

Materias que continúan o temario



Farmacoloxía/750G01011

Situacións de risco para a saúde e radioloxía/750G01013

Enfermaría Comunitaria I/750G01014

Enfermaría da Saúde Mental/750G01015

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016

Enfermaría clínica III/750G01017

Enfermaría materno-infantil/750G01018

Enfermaría Comunitaria II/750G01019

Enfermaría Xerontolóxica/750G01020

Xestión dos servizos da Enfermaría/750G01021

Enfermaría Laboral/750G01022

Métodos e ferramentas avanzadas en investigación cualitativa/750G01023

Farmacoterapia/750G01024

Estancias Clínicas I/750G01025

Estancias Clínicas II/750G01026

Estadías Clínicas III/750G01027

Estancias Clínicas IV/750G01028

Estancias Clínicas V/750G01029

Estancias Clínicas VI/750G01030

Estancias Clínicas VII/750G01031

Traballo fin de grao/750G01033

Enfermaría Clínica I/750G01034

Enfermaría Clínica II/750G01035

Observacións



MATERIAS QUE SE RECOMENDA HABER CURSADO PREVIAMENTE: Neste apartado non seleccionamos ninguna materia xa que Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico atópase no 2º cuatrimestre de 1º curso. **MATERIAS QUE CONTINÚAN O TEMARIO:** A materia Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico establece os elementos metodolóxicos, cuantitativos e cualitativos, que necesita o/a estudante para ser consumidor crítico da información científica da súa disciplina.

E por isto que en todas as materias posteriores dos cursos 2º, 3º e 4º do Grao de Enfermería os/as estudantes de modo transversal terán que facer uso das competencias adquiridas en esta materia. Será unha necesidade, nas devanditas materias, profundizar dende un enfoque práctico e clínico na capacidade do estudante para consumir información científica, realizar unha análise crítica da mesma, aplicala no contexto de cada materia e nos casos que o precisen tomar decisións clínicas.

ADAPTACIÓN DE PRESENCIALIDADE Á SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA: Todas as actividades presenciais realizaranse con asentos preasignados, con mascarilla, ventilación, non permitindo o consumo de alimentos e bebidas e asegurando que se cumpran as medidas de prevención e hixiene do centro establecidas e publicadas en: <https://udc.es/es/fep/coronavirus/>. No caso de que o grupo de docencia maxistral chegue a superar as indicacións de aforo da aula se establecerán grupos rotativos de docencia híbrida, onde os estudantes que non quepan na aula seguirán esa semana a docencia de forma telemática e á seguinte de forma presencial, sendo outro grupo o que a realice de forma telemática, según planificación establecida polo docente da materia. **OBXECTIVOS DE DESENROLO SOSTIBLE:** Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5:

?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do

"Plan de Acción Green Campus Ferrol".

A entrega dos traballos documentais que se realicen

nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de se realizar en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores.

Débesse facer un uso sostible dos recursos e a

prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais

Facilitarase a plena integración do alumnado que por

razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

Traballarase para identificar e modificar prexuízos e

actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas.

PLAXIO: Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen

indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías